



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia num. 2023/39428 de 17/01/2023 aprobáronse as bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2023, que se transcriben de seguido.

BASES REGULADORAS DOS PROGRAMAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial, e Transición Ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medioambiente
Anualidade	2023
Denominación	Contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais básicos nos concellos da provincia
Beneficiarios	Concellos da provincia da Coruña
Programa	1.1. PEL-Concellos
Aplicación orzamentaria	0520/24100/46201
Importe da convocatoria	3.606.000,00 €
Importe do orzamento de gastos	3.606.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 19.000,00 € Máximo 75.000,00 €
Importe solicitado	0 100 % do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	100 %

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación nº 48073 do 16 de novembro de 2022 (BOP núm. 224, venres, 25 de novembro de 2022).

2.- BASES ESPECÍFICAS

PEL-CONCELLOS 2023 – PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA , INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Base 1 .Liñas xerais

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando aos concellos da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza o pleno emprego na provincia, como elemento esencial para o crecemento, a cohesión e o desenvolvemento socioeconómico.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

No contexto socioeconómico actual, é vontade da Deputación da Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As axudas enmárcanse na liña 1.1. PEL-Concellos, do Plan de Emprego Local. Con elas a Deputación da Coruña quere apoiar aos concellos da provincia da Coruña na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais esenciais durante o período de 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia de emprego pretende colaborar cos concellos na contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais imprescindibles de todos os concellos da provincia sen deixar ningún atrás.

Base 2.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 0520/24100/46201 por unha contía total de 3.606.000,00 €.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente

Base 3.- Obxecto e finalidade

O obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

- a. Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- b. Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.
- c. Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público
- d. (...) A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- e. Protección da salubridade pública.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse de forma maioritaria no territorio da provincia da Coruña e co galego como lingua vehicular.

Base 4.- Destinatarios/as e requisitos

4.1. Destinatarios

Son destinatarios deste Programa todos os concellos da provincia da Coruña.

4.2. Requisitos do persoal a contratar

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b. Maiores de 45 anos.
- c. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e. Persoas en situación de drogodependencia.
- f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g. Persoas con fogar monoparental.
- h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j. Persoas sen fogar.

4.3. Requisitos da contratación

Ademais da normativa especificada na Base 1. Réxime xurídico xeral, das bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, as contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.

Estes cambios afectan ás modalidades contractuais que poden utilizar as Entidades Locais para dar cobertura aos contratos de duración determinada nas contratacións ligadas aos plans de emprego, ao introducir na Disposición adicional novena, unha nova modalidade de contrato á que se lle denomina contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Así, en virtude do anterior, os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL- CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

4.4. Extinción da relación laboral dalgunha persoa contratada

No caso de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora por causas alleas ao concello, poderase contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa. Comunicarase á Deputación o dito cambio, que non suporá variación na cantidade concedida, e achegarase a documentación acreditativa da situación do novo/a traballador/a a contratar.

Neste suposto excepcional, o concello deberá comunicalo de inmediato á Deputación, procederá a contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa e presentará no expediente a documentación acreditativa da situación do novo traballador a contratar. **En ningún caso a nova contratación suporá variación na cantidade concedida nin no prazo, mantendo a data límite do 31 de decembro de 2023.**

Base 5.- Exclusiones

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
- Os concellos só poderán solicitar as contías máximas do módulo que lles corresponda para os conceptos: salarios, seguridade social, indemnización de fin de contrato e cursos de formación en materia de prevención de riscos laborais. A xornada mínima semanal será de 25 horas.

No caso de que os custos da contratación sexan inferiores ás contías máximas dos módulos, o importe solicitado deberá axustarse ao dito custo.

- O programa estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023 polo que os contratos formalizados deberán rematar como máximo nesa data e, en consecuencia, non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Base 6.- Concesión

O procedemento de concesión das axudas será o de **concorrenza non competitiva**.

Logo de revisar as solicitudes presentadas, o órgano competente resolverá a aprobación do programa coa concesión das achegas correspondentes aos concellos solicitantes, previos os preceptivos informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e da Intervención Provincial.

Os concellos poderán solicitar como máximo a contía do módulo que lles corresponda en función da porcentaxe resultante de dividir o número de persoas desempregadas no concello entre o número total de persoas desempregadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes, mentres que os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela optarán a un importe único de 75.000,00 euros, segundo figura no Anexo I das presentes bases.

A resolución destas axudas terá carácter de **concesión definitiva**

Unha vez aprobado o programa, o concello beneficiario só poderá solicitar unha modificación no número de traballadores a contratar ou no período da contratación, por circunstancias excepcionais debidamente motivadas. En ningún caso, o dito cambio suporá unha variación no importe da subvención concedida. A modificación será aprobada polo órgano competente.

As contías dos módulos determínanse de acordo cos seguintes tramos de asignación:

Módulo	Concellos	Tramos de asignación de porcentaxes	Importe máximo a solicitar
1	Toques e Vilasantar	Ata 0,1100 %	19.000,00 €
2	Vilarmaior, Moeche, Sobrado, Mañón, Monfero e Irixoa	Máis de 0,1100 % ata 0,1500 %	22.000,00 €
3	Coirós, Santiso, Cerdido, A Capela, Aranga, Boimorto, Frades, Paderne. Me-sía, Trazo e As Somozas	Máis de 0,1500 % ata 0,2500 %	25.000,00 €
4	Tordoia, Corcubiión, San Sadurniño, Val do Dubra, Boqueixona e Lousame	Máis de 0,2500 % ata 0,3500%	28.000,00 €
5	Mazaricos, Touro, Dodro, Curtis, A Baña, Vedra, O Pino e Cabanas	Máis de 0,3500% ata 0,5000%	31.000,00 €
6	Arzúa	Máis de 0,5000 % ata 0,5500%	34.000,00 €
7	Carnota, Cerceda, Cabana de Bergantiños, Dumbria, Abegondo, Laxe, Oza-Cesuras, Rois, Muxía, Zas, Cariño, Outes e Fisterra	Máis de 0,5500 % ata 0,7000 %	37.000,00 €
8	Ponteceso, Carral, Neda, Ortigueira, Malpica de Bergantiños, Mugaridos, Camariñas e Vimianzo	Máis de 0,7000 % ata 0,9000 %	40.000,00 €
9	Miño, Cederia Ares, Valdoviño, Bergondo, Oroso, Melide e Porto do Son	Máis de 0,9000 % ata 1,0000%	43.000,00 €
10	Brión, Muros, Coristanco, Negreira, Pontedeume, Santa Comba e A Pobra do Caramiñal	Máis de 1,0000 % ata 1,2000%	46.000,00 €
11	As Pontes de García Rodríguez, Padrón, Cee, Rianxo, A Laracha, Noia e Or-des	Máis de 1,2000 % ata 1,8000 %	49.000,00 €
12	Betanzos, Fene, Teo, Boiro, Sada, Ribeira, Cambre, Ames, Oleiros, Culleredo, Arteixo, Carballo Narón	Máis de 1,8000 %	52.000,00 €
13	A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela		75.000,00 €

Base 7.- Compatibilidade/incompatibilidade

A axuda provincial concedida na convocatoria PEL- CONCELLOS é incompatible coa percepción de outra axuda pública procedente tanto da Deputación, en especial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+", como de calquera outra entidade pública ou privada.

Base 8.- Gastos subvencionables

O importe da achega provincial destinarase a financiar os **custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais** que deban

realizar as persoas contratadas segundo a lexislación laboral vixente, durante o período de 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
607	Traballos realizados por outras empresas (cursos formación)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Base 9.- Pago

O aboamento da subvención farase efectivo en dous pagos:

1º) Procederase ao aboamento anticipado do 50% da achega provincial logo de comprobar que o concello:

- Ten presentado a documentación acreditativa do persoal a contratar segundo se recolle no anexo de documentación das presentes bases no punto 2 da Xustificación.
- Non ter pendente de xustificación ningún anticipo de convocatorias anteriores
- Cumpre coas súas obrigas coa AEAT, Seguridade Social e Deputación provincial da Coruña, circunstancia que comprobará a Deputación telematicamente.

2º) A Deputación aboará o 50% restante logo da presentación da documentación xustificativa.

Base 10.- Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023**.

Base 11.- Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación da axuda rematará ás 14 horas do 28 de abril de 2024.

Se non se achega a xustificación dentro de prazo, requirirase ao beneficiario para a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional levará aparellada a perda da achega provincial e, no seu caso, o reintegro do anticipo aboado.

O beneficiario poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro.

No caso de que se xustifique gasto por un importe inferior ao anticipo aboado, incoarase procedemento de reintegro do dito anticipo, de acordo co procedemento establecido.

A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que correspondan coa gradación indicada na base 8 deste programa.

Á vista da documentación xustificativa presentada e tras os informes previos do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e comprobará que a documentación é correcta, para proceder á aprobación da xustificación e ao pago do importe restante da achega provincial.

Base 12.- Publicidade

O concello comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet. Coa memoria e conta xustificativa, o concello presentará declaración sobre o cumprimento destas obrigas.

Ademais, na vestimenta que os concellos facilitarán ás persoas contratadas deberán figurar impresos, de xeito suficientemente visible, os logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación, dispoñibles na web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE DE CONCESIÓN

1.- Declaracións e compromisos

- O concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego ou convocando o seu propio proceso selectivo de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.
No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social.
- O concello contratará aos traballadores por unha xornada mínima semanal de 25 horas ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grao da discapacidade dos mesmos.
- O concello deberá declarar que os gastos imputados nesta convocatoria non son cofinanciados por outra axuda, tanto da Deputación, en especial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+", como de calquera outra entidade pública ou privada.
- Os concellos deberán facilitar ás persoas contratadas o seguinte:
 - a) Vestimenta de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación mediante a impresión na mesma de xeito suficientemente visible dos logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación, dispoñibles na web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>
 - b) A formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente
- O concello deberá autorizar á Deputación para obter as certificacións correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas.
- Os concellos estarán obrigados a facilitar aos servizos da Deputación Provincial toda a información que se lles demande en relación co Programa.

2.- Documentación

Os concellos interesados deberán solicitar a súa adhesión ao Programa e achegar a seguinte documentación, segundo os modelos normalizados aprobados pola Deputación dispoñibles na plataforma SUBTEL www.dacoruna.gal e que figuran como anexos:

- Certificado de adhesión asinado dixitalmente pola secretaría co visto e praceda alcaldía/presidencia ou concelleiro/a na que delegue. (Anexo II).
- Memoria descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa, asinada dixitalmente pola alcaldía/presidencia ou persoa en quen delegue. (Anexo III).

3.- Conceptos e desagregación do orzamento

Os solicitantes deberán detallar no orzamento de gastos, como mínimo, a previsión correspondente aos conceptos "Soldos e salarios" e "Seguridade social a cargo da entidade", tendo en conta que todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado. Non se subvencionan en ningún caso gastos indirectos ou propios do funcionamento ordinario da entidade solicitantes (persoal non adscrito especificamente ao proxecto, gastos de asesoría, cotas empresariais, gastos xerais...)

XUSTIFICACIÓN

1.- Declaracións e compromisos

No momento de presentar a xustificación a alcaldía/presidencia ou persoa en quen delegue debe achegar as seguintes declaracións:

- Declaración de que a entidade que representa non ten pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Declaración de que os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

- Declaración de que a entidade que represento RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, ACEPTA o reintegro da cantidade anticipada ao non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación. (NON OBRIGATORIO)
- Declaración de que a entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria e ACEPTA a sanción que corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención. (NON OBRIGATORIO)

2.- Documentación

No caso de solicitar ao aboamento anticipado do 50% da achega provincial, as entidades locais deben achegar no momento da solicitar o dito aboamento:

- O certificado que figura no anexo IV, no que se relacionan as persoas a contratar
- As tarxetas ou informes acreditativos de que as persoas traballadoras son demandantes de emprego, debidamente actualizados.
- A documentación acreditativa da situación ou situacións de exclusión de cada traballador/a:

Mulleres, Persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración (que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual o superiro ao 33% expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

A Deputación aboará o 50% restante ou a achega correspondente, logo da presentación da seguinte documentación:

1. A relación clasificada dos gastos:

Na relación de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, a identificación do persoal contratado (nome, apelidos, NIF), concepto (Exemplo: Nómina do mes de xuño de 2023), Tipo (Nómina). Data, Número e no importe imputado na conta 640 o importe da nómina e na conta 642 o líquido total da cotra empresarial indicada no Informe de Cálculos globais do traballador contratado

2. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade da entidade dos ingresos recibidos doutras administracións públicas ou entes privados para o financiamento dos mesmos conceptos retributivos no mesmo período, ou pola contra, certificación de non ter recibido ningún outro ingreso para o mesmo obxecto. (Anexo VI)

3. Memoria asinada polo Alcalde xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación detallada das actividades realizadas e dos resultados obtidos e de que a contratación do persoal foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación. (Anexo VII)

4. Documentación gráfica da vestimenta de traballo proporcionada ao persoal contratado na que figuren os logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación.

5. Autorización individual asinada polo traballador/a subvencionado para a cesión de datos persoais á Deputación da Coruña relacionada co seu contrato ou a Certificación na que a entidade local acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo

6. Certificación expedida polo órgano responsable de contabilidade dos pagamentos realizados (Certificación de gastos).

Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto.

Nos supostos que non se teña solicitado anticipo o concello presentará todos os documentos mencionados no prazo de xustificación.

ANEXOS

ANEXO I. MÓDULOS A FINANCIAR

CONCELLO	TOTAL DEMANDANTES DE EMPREGO	Porcentaxe total parados concello total demandantes de emprego (2022)	Módulo
TOQUES	27	0,08033562%	19.000,00 €
VILASANTAR	33	0,09818799%	19.000,00 €
VILARMAIOR	42	0,12496653%	22.000,00 €
MOECHE	43	0,12794192%	22.000,00 €
SOBRADO	44	0,13091731%	22.000,00 €
MAÑÓN	45	0,13389271%	22.000,00 €
MONFERO	48	0,14281889%	22.000,00 €
IRIXOA	49	0,14579428%	22.000,00 €
COIROS	51	0,15174507%	25.000,00 €
SANTISO	56	0,16662204%	25.000,00 €
CERDIDO	57	0,16959743%	25.000,00 €
CAPELA, A	58	0,17257282%	25.000,00 €
ARANGA	59	0,17554822%	25.000,00 €
BOIMORTO	62	0,18447440%	25.000,00 €
FRADES	67	0,19935136%	25.000,00 €
PADERNE	73	0,21720373%	25.000,00 €
MESIA	79	0,23505609%	25.000,00 €
TRAZO	80	0,23803148%	25.000,00 €
SOMOZAS, AS	81	0,24100687%	25.000,00 €
TORDOIA	91	0,27076081%	28.000,00 €
CORCUBION	98	0,29158856%	28.000,00 €
SAN SADURNIÑO	108	0,32134250%	28.000,00 €
VAL DO DUBRA	112	0,33324407%	28.000,00 €
BOQUEIXON	115	0,34217025%	28.000,00 €
LOUSAME	115	0,34217025%	28.000,00 €
MAZARICOS	122	0,36299801%	31.000,00 €
TOURO	124	0,36894879%	31.000,00 €
DODRO	127	0,37787497%	31.000,00 €
CURTIS	144	0,42845666%	31.000,00 €
BAÑA, A	150	0,44630902%	31.000,00 €
VEDRA	150	0,44630902%	31.000,00 €
PINO, O	159	0,47308757%	31.000,00 €

CONCELLO	TOTAL DEMANDANTES DE EMPREGO	Porcentaxe total parados concello total demandantes de emprego (2022)	Módulo
CABANAS	164	0,48796453%	31.000,00 €
ARZUA	184	0,54747240%	34.000,00 €
CARNOTA	185	0,55044780%	37.000,00 €
CERCEDA	187	0,55639858%	37.000,00 €
CABANA DE BERGANTIÑOS	191	0,56830016%	37.000,00 €
DUMBRIA	192	0,57127555%	37.000,00 €
ABEGONDO	193	0,57425094%	37.000,00 €
LAXE	194	0,57722634%	37.000,00 €
OZA-CESURAS	194	0,57722634%	37.000,00 €
ROIS	197	0,58615252%	37.000,00 €
MUXIA	199	0,59210331%	37.000,00 €
ZAS	200	0,59507870%	37.000,00 €
CARIÑO	205	0,60995567%	37.000,00 €
OUTES	214	0,63673421%	37.000,00 €
FISTERRA	225	0,66946354%	37.000,00 €
PONTECESO	247	0,73492219%	40.000,00 €
CARRAL	255	0,75872534%	40.000,00 €
NEDA	259	0,77062692%	40.000,00 €
ORTIGUEIRA	276	0,82120860%	40.000,00 €
MALPICA DE BERGANTIÑOS	279	0,83013479%	40.000,00 €
MUGARDOS	286	0,85096254%	40.000,00 €
CAMARIÑAS	296	0,88071647%	40.000,00 €
VIMIANZO	297	0,88369187%	40.000,00 €
MIÑO	310	0,92237198%	43.000,00 €
CEDEIRA	314	0,93427356%	43.000,00 €
ARES	315	0,93724895%	43.000,00 €
VALDOVIÑO	319	0,94915053%	43.000,00 €
BERGONDO	320	0,95212592%	43.000,00 €
OROSO	325	0,96700289%	43.000,00 €
MELIDE	331	0,98485525%	43.000,00 €
PORTO DO SON	333	0,99080603%	43.000,00 €
BRION	339	1,00865840%	46.000,00 €
MUROS	341	1,01460918%	46.000,00 €
CORISTANCO	347	1,03246154%	46.000,00 €

CONCELLO	TOTAL DEMANDANTES DE EMPREGO	Porcentaxe total parados concello total demandantes de emprego (2022)	Módulo
NEGREIRA	365	1,08601863%	46.000,00 €
PONTEDEUME	365	1,08601863%	46.000,00 €
SANTA COMBA	395	1,17528043%	46.000,00 €
POBRA DO CARAMIÑAL, A	403	1,19908358%	46.000,00 €
PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ, AS	405	1,20503437%	49.000,00 €
PADRON	442	1,31512393%	49.000,00 €
CEE	456	1,35677943%	49.000,00 €
RIANXO	473	1,40736112%	49.000,00 €
LARACHA, A	529	1,57398316%	49.000,00 €
NOIA	599	1,78226070%	49.000,00 €
ORDES	616	1,83284239%	49.000,00 €
BETANZOS	648	1,92805499%	52.000,00 €
FENE	648	1,92805499%	52.000,00 €
TEO	741	2,20476658%	52.000,00 €
BOIRO	771	2,29402839%	52.000,00 €
SADA	848	2,52313368%	52.000,00 €
RIBEIRA	1230	3,65973400%	52.000,00 €
CAMBRE	1283	3,81742986%	52.000,00 €
AMES	1505	4,47796721%	52.000,00 €
OLEIROS	1643	4,88857151%	52.000,00 €
CULLEREDO	1666	4,95700556%	52.000,00 €
ARTEIXO	1928	5,73655866%	52.000,00 €
CARBALLO	2062	6,13526139%	52.000,00 €
NARON	2206	6,56371805%	52.000,00 €
CORUÑA, A	14621		75.000,00 €
FERROL	4441		75.000,00 €
SANTIAGO DE COMPOSTELA	4434		75.000,00 €
Datos a outubro de 2022			
Fonte: https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas/datos-estadisticos/municipios/2022/outubro.html			

ANEXO II. CERTIFICADO DE ADHESIÓN AO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023

Don/Dona

Secretario/a do Concello de

CERTIFICO:

Que por (resolución da alcaldía/acordo da Xunta de Goberno/Pleno), do día acordouse a adhesión do concello ao **PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023** mediante a execución de obras e servizos básicos e esenciais municipais da Deputación da Coruña anualidade 2023, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do representante legal do concello en, a..... de de 2023.

ANEXO III. MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

Concello			
Persoal a contratar	Número traballadores:	HOMES	MULLERES
	Categoría profesional:		
	Número meses a contratar:		

Servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985:

En todos os concellos:

Iluminación pública
Cemiterio
Recollida de residuos
Limpeza viaria
Abastecemento domiciliario de auga potable
Rede de sumidoiros
Acceso aos núcleos de poboación
Pavimentación das vías públicas
Protección da salubridade pública
Conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial
Protección da salubridade pública

En concellos con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais:

Parque público
Biblioteca pública
Tratamento de residuos

En concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, ademais:

Protección civil
Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social
Prevención e extinción de incendios
Instalacións deportivas de uso público

Breve descrición das actividades a realizar en relación cos servizos mínimos seleccionados

ANEXO IV. CERTIFICADO ACREDITATIVO DO PERSOAL A CONTRATAR

Don/Dona,
 Secretario/a do Concello de

CERTIFICO:

Que de acordo co establecido nas bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS 2023 mediante a execución de obras e servizos básicos municipais, anualidade 2023:

- 1.- As persoas a contratar teñen a condición de demandantes de emprego na data de inicio do proceso selectivo.
- 2.- As persoas a contratar atópanse en algunha das seguintes situacións de exclusión sociolaboral:

Nome e apelidos da persoa a contratar	NIF da persoa a contratar	Situación de exclusión (1)

(1) Mulleres, Maiores de 45 anos, Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido, Persoas en situación de drogodependencia, Persoas con fogar todos os membros da unidade familiar en situación de desemprego, Persoas con fogar monoparental/monomarental, Persoas sen fogar, Persoas con dificultades para atopar emprego por razóns socioculturais, idiomáticas etc., Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 1 ano inscrita como demandante de emprego), Persoas vítimas de violencia de xénero.

3.- O concello valorou como mérito no proceso selectivo dos traballadores, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do representante legal do concello en, a..... de de 2023

ANEXO V. CERTIFICADO DOS GASTOS REALIZADOS

Convocatoria :	
Código de expediente :	
Obxecto da subvención.....:	

Don/Dona.....:	
Secretario/a da entidade.....:	

CERTIFICO:

1. Que os gastos xustificativos da subvención de referencia son os incluídos na/s **Relación/s de gastos** (do apartado de Datos xerais) que consta/n no expediente.
2. Que os ditos gastos non foron presentados como xustificantes de gasto en convocatorias anteriores.
3. Que se fixeron, cando procedía, as oportunas **retencións a conta do IRPF** e os importes retidos ingresáronse na facenda pública.

INCIDENCIAS DE PERSOAL.

Deberá cubrirse este campo en calquera das seguintes circunstancias:

- Cando exista **bonificación** nas cotas da Seguridade Social a cargo da entidade terá que sinalar ao persoal afectado e facer referencia ao seu fundamento legal.
- Se se imputa a seguridade social dalgún traballador/a que estivo en situación de baixa ou permiso tamén deberá indicarse

--

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos

Este documento só terá validez se está asinado dixitalmente pola Secretaría e pola Presidencia da entidade.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei.

Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

ANEXO VI.- CERTIFICACIÓN DOS INGRESOS OBTIDOS

DECLARACIÓN DE INGRESOS

Convocatoria.....:	
Código de expediente.....:	
Don/Dona.....:	
Responsable da contabilidade do concello de.....:	

Como responsable da contabilidade do concello, CERTIFICO que: (marcar só unha opción)

<input type="checkbox"/>	A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña (1)
<input type="checkbox"/>	A entidade obtivo as subvencións, axudas, ingresos ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña:

TABOA DE INGRESOS

Procedencia (Entidade concedente, usuarios, etc)	Importe
Deputación da Coruña	
TOTAL INGRESOS	

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos.

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

A axuda provincial concedida na convocatoria PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 é incompatible coa percepción de outra axuda pública procedente tanto da Deputación, en especial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+", como de calquera outra entidade pública.

ANEXO VII. MEMORIA XUSTIFICATIVA

Don/Dona,
 en calidade de representante do concello de

DECLARO:

1.- Que a contratación do persoal foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación

2.- Que o concello cumpriu a obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que se realizou da actividade subvencionada

3.- Que as actividades realizadas e os resultados obtidos foron os seguintes:

Actividades realizadas:

Resultados obtidos:

ANEXO VIII. AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
NIF	

Como traballador/a do concello:

CONCELLO	
NIF/CIF	

AUTORIZO á entidade sinalada para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo, para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto das axudas PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 .

Data:

(Sinatura do/a traballador/a)

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

A Coruña, 17 de xaneiro de 2023

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

Amparo Taboada Gil

2023/269